



CIRCULAR FIN DE CURSO 2023/ 2024

Quedan xa moi poucos días para rematar o curso, por iso queremos informaros dalgunhas cuestións importantes:

- **O último día lectivo é o venres 21.** Este curso, seguindo as novas indicacións da orde do calendario escolar da Xunta de Galicia, as notas non sairán publicadas ata o martes **25 de xuño**, a través do aplicativo ABALAR.
- **Excursións:**
 - o Educación Infantil. Martes 18 de xuño (mañá e tarde)
 - o Educación Primaria (1º - 4º). Mércores 19 de xuño (mañá e tarde)
 - o Educación Primaria (5º- 6º). Acampada desde o 12 ao 14 de xuño.
- **A festa de fin de curso** con actuacións de E. Infantil , 2º, 4º e 6º de Primaria será o **xoves 20** para todo o alumnado pola mañá e ás 17:00 hs para as familias dos alumnos que actúen. Por cuestións de aforo non asistirán o resto dos cursos. Permitirase un máximo de 3 persoas por alumno. Pola mañá deberán vir vestidos coa roupa que indique cada titor ao igual que pola tarde. Os alumnos que actúen deberán estar no centro ás 16:30 hs e ás 17:00 abriranse as portas ás familias. Durante a festa os alumnos estarán co seu mestre titor ata que remate a mesma.
- O **venres 21** todo o alumnado traerá o **chándal** do colexio obrigatoriamente, xa que celebraremos as **Ludyolimpiadas**, un evento deportivo no que realizan distintas actividades físicas. Farémolas na nosa rúa Río Lambre e participará todo o alumnado a partir das 9:30 hs aproximadamente. Por suposto, estamos desexando que asistades a compartilas con nós e así poder ver aos vosos fillos. Do mesmo xeito todas as familias que o desexedes estades convidadas a participar nas carreiras. Avisarase por megafonía ao final.
- A partir do día 24 de xuño sairá publicada a edición nº 48 da **Revista Compa**.
- O acto de **despedida de 6º** de Primaria será o **venres 28 de xuño ás 11:30 hs**. Será para dito alumnado e acompañantes.
- Lembraide que o último día para a presentación de **solicitudes de axudas para a adquisición de libros e material de cara ao curso que vén é o venres 21 de 10 a 13 hs** (pregamos respectedes o horario para poder atender ben ao alumnado no seu último día lectivo). Aínda que en 5º e 6º traballaremos con EDIXGAL pódense solicitar as axudas para mercar material coma sempre. Estade atentos ás publicacións que faremos sobre as listaxes das axudas. Lembrámosvos que o horario é os martes e mércores de 17:30 a 19:00 hs. Os alumnos beneficiarios do banco de libros deberán ter devoltos os mesmos antes do 20 de xuño segundo as indicacións dos mestres titores.
- A **listaxe de libros e material de Infantil e Primaria** para o vindeiro curso sairá publicada a partir do 25 de xuño.

Desexámosvos un bo e feliz descanso neste verán.

Grazas un curso máis pola vosa confianza no colexio Ludy. Felices vacacións!

A Dirección.